



VV.AA. *Todos irmáns. Sempre irmáns*, A Coruña 2007, 310 páxs.

Manuel Espiña coordinou este libro. Os seus corenta compañeiros da promoción, ordenados no 1957, relatán o máis sobresaliente da súa biografía. A riqueza que reflicte é grande. Variados os itinerarios, diferentes postos de traballo e diferentes países: Chile, Brasil, Arxentina, Colombia, Venezuela, Francia, Suíza...

Non tan variados os ecos da formación inicial, os ingresos no seminario con dez anos, naqueles tempos de fame e de escaseza, os edificios sen adecuar e a formación un tanto espartana. Pero todos están satisfeitos, aínda sen ocultar algunha crítica ao sistema.

Club Internacional de Prensa: *Memoria de Actividades 2006*, Secretaría Xeral de Comunicación, Santiago 2007, 166 páxs.

O Club Internacional de Prensa, dirixido por Carme Pérez Carballo, é un organismo que contribúe á dinamización social e cultural do país. É tamén un espazo de reflexión e debate social. Proba disto son as actividades organizadas no ano 2006: conferencias, xornadas, presentacións de libros, roldas de prensa, e outros actos recollidos nesta obra.

Moreda Leirado, Marisa; Vilariño Suárez, María; Alonso

Girgado, Luís. *Suevia*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Secretaría Xeral de Política Lingüística, A Coruña 2007.

Este volume recolle a edición Facsimilar da revista *Suevia*, editada en Bos Aires nos anos 1913 e 1916 nos que saíron á rúa 9 e 6 números respectivamente. A edición está ó coidado de Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez e Luís Alonso Girgado encárgase dos estudos introductorios. Resulta interesante atoparse cos números desta revista que, aínda que de curta vida, reflicte de xeito singular a vida cultural do exilio galego na Arxentina a primeiros do século XX.

VV.AA. *Xistral, Revista lucense de creación poética*, nº 10, Concellería de Cultura e Turismo, Concello de Lugo 2007.

Este volume recolle poemas de 48 autores, algunhas figuras consagradas da nosa escrita como Helena Villar Janeiro ou Claudio Rodríguez Fer, e outras ben novas, como Diana Varela Puñal, que están a irrumpir con forza no panorama poético galego.

Vilariño Suárez, María; Alonso Girgado, Luís. *Galicia, Revista Semanal Ilustrada*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en

Humanidades, Secretaría Xeral de Política Lingüística, A Coruña 2007.

A revista Galicia foi un semanario rexionalista fundado e dirixido por Vicente López Veiga, e editado en A Habana entre 1902 e 1930. Neste traballo que agora publica o Centro Ramón Piñeiro a edición, estudo e índices elaborounos María Vilariño Suárez. Dirixe o proxecto Luís Alonso Girgado. Este volume conta ademais coa edición facsimilar dos números dos dous primeiros anos, 1902 e 1903.

Hermida García, Modesto; Agrelo Costas, Eulalia; Mociño González, Isabel: *Obra Narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Secretaría Xeral de Política Lingüística, A Coruña 2007, 166 páxs. Narrativa recuperada.

Esta recompilación da narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra ven precedida dunha axeitada achega biobibliográfica que percorre a vida e obra deste autor rexionalista, fundador, xunto con Manuel Pardo Becerra, da revista luguesa A Monteiro, na que viu á luz a maioría da súa obra en forma de relatos curtos e poemas.

Oreiro Serrano, Lois. *Xallas. Teoría da Existencia*. TresCtres,

Santa Comba, 2007, 294 páxs. Vilar-novo. Ideas e realidades.

Hai un río en Galicia que vai cambiando de nome coa paisaxe. É un río enigmático, castigado por encoros e parques eólicos, que remata nunha fervenza cando lle deixan. As terras que rega, lastradas pola emigración, van quedando ao descuberto neste achegamento á súa historia, arqueoloxía, lingua, tradicións, mitoloxía, procesos económicos... da man do xornalista Lois Oreiro. Paga a pena mergullarse nas augas, saltar polas rochas e percorrer os vales da terra do Xallas. Só se pode amar con fondura aquilo que se coñece de vez.

Nouwen, Henri J.M.; Christensen, Michael J.; Laird, Rebecca J.: *Dirección espiritual. Sabiduría para la larga andadura de la fe*, Sal Terrae, Santander, 2007, 206 páxs. El pozo de Siquem.

Tecnicamente Henri Nouwen non escribiu este libro, aínda que son súas tódalas ensinanzas que contén e que os seus discípulos, Michael Christensen, director do *Doctor Ministry Program* da Universidade de Drew, e Rebecca Laird, pastora da Igrexa Central Presbiteriana de Summit, New Iersej, recolleron coa maior fidelidade.

Nouwen entendía a vida espiritual como un traxecto de fe e

transformación que vai afondando coa conciencia, a comunidade e a relación. Aconsellou a moita xente, pero os seus traballos nunca foran publicados. Saen agora á luz da man destes seus antigos alumnos, que organizaron o material para podelo utilizar na dirección espiritual a nivel individual e de pequeno grupo.

O orixinal inglés: *Spiritual Direction. Wisdom for the Long Walk of Faith*, publicouno The Estate of Henri J. M. Nouwen, Michael J. Christensen and Rebecca Laird no 2006. A tradución é de Milagros Amado Mier.

Gandhi, Mohandas: *Autobiografía*, Sal Terrae, Santander, 2007, 221 páxs. Servidores y testigos.

A *Autobiography* orixinal de Gandhi, xunto coa *History of Satyagraha in South Africa* pasan das 1000 páxinas. Neste libro, Bharatan Kumarappa condensa as propias palabras de Gandhi daquel relato orixinal, ofrecendo o testemuño directo das diferentes etapas e actividades deste profeta da non violencia. Inclúe unha cronoloxía e un pequeno glosario dos termos empregados.

O orixinal inglés: *Gandhiji's Autobiography. Abridged by Bharatan Kumarappa*, publicouno Navajivan Trust Ahmedabad no 1952, 2004. A tradución é de María del Carmen

Blanco Moreno e Ramón Alfonso Díez Aragón.

Spiegel, Peter: *Muhammad Yunus, el banquero delos pobres*, Sal Terrae, Santander, 2007, 157 páxs. Servidores y testigos.

Muhammad Yunus, el economista de Bangla Desh fundador do Banco dos Pobres e Premio Nobel da paz 2006 é un dos persoeiros máis representativos deste cambio de século. Foi quen de, en termos económicos, dar sentido pleno á palabra crédito, tan desvalorizada polos magnates da opulencia, devolvendo a confianza no futuro a milleiros de persoas sen recursos, sobre todo mulleres, converténdooas en protagonistas dun cambio posible. Neste libro, o sociólogo e divulgador Peter Spiegel fai un retrato da coraxe deste musulmán universal.

O orixinal alemán: *Muhammad Yunus - Banker der Armen. Der Friedensnobelpreisträger*, publicouno Herder no 2006. A tradución é de José Pedro Tosaus Abadía.

Lozano Paz, Moisés (coord) *Sobre a Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, Unidade Didáctica 24*. Seminario Galego de Educación para a Paz, Santiago, 2007, 190 páxs.

Malia as polémicas xurdidas coa materia, *Educación para a Cidadanía*,

recentemente introducida no currículo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, o equipo do SGEF, na liña dos seus traballos, edita estes materiais para a súa didáctica. Teñen como acicate mirar á realidade galega de fronte. É bo que empreguemos os nosos esforzos non tanto en alimentar polémicas interesadas como en facerlle fronte a unhas carencias de educación cívica e cidadá que cada vez se fan máis patentes na nosa sociedade.

Varela, Fran e Comisión Galiza. *Xoga en galego. Campaña de promoción dos xogos populares.* Federación de Centros Xuvenís Don

Bosco de Galicia, Santiago, 2007, 104 páxs.

Unha das mellores cousas que podemos facer ó longo das nosas vidas é xogar. E se xogamos en galego, pois mellor. Tódalas culturas teñen xogos, e a nosa tamén. Os seis Centro Xuvenís que os salesianos teñen en Galicia (A Coruña, Compostela, Lugo, Ourense e dous en Vigo) ofrécennos o seu traballo de recompilación e selección para que gocemos todas e todos. Iso si, avisan que a edición ten “anticopyright”: aconsellan e pretenden a máxima difusión e apaixonada posta en práctica. Nós unímonos a eles: estamos por un lecer san, divertido e en galego.

Marisa Vidal Collazo.